Asunto: INFORME DXSAP SOBRE A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

O 15 de xaneiro de 2026 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido pola xerente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (en diante, Agacal), dependente da Consellería do Medio Rural, no que se solicita o informe preceptivo en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) desta axencia.

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

- Memoria xustificativa funcional.
- Memoria económica.
- Listaxe de postos creados, amortizados e modificados.

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria foi creada mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, norma a través da cal tamén se aproban os seus estatutos, como consecuencia do proceso de adecuación á Lofaxga do extinto Instituto Galego da Calidade Alimentaria. A nova axencia nace con dous obxectivos básicos: actuar como ferramenta principal da Xunta de Galicia para promover e protexer a calidade dos produtos alimentarios galegos con indicativos de calidade e fomentar a produción alimentaria galega mediante investigación e desenvolvemento tecnolóxico, co fin de mellorar a competitividade dos sectores agroforestal e agroalimentario.

Mediante a Resolución do 3 de agosto de 2021 ordenouse a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de xullo de 2021 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Os estatutos da Agacal foron modificados polo Decreto 148/2024, do 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 233/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural. Así, a presente configuración da axencia está integrada polos seguintes 13 centros, ademais das dependencias centrais en Santiago de Compostela:

- 6 centros de formación e experimentación agraria: en Sergude, Lourizán, Becerreá, Guísamo, Monforte de Lemos e Ribadeo.
- 2 centros de investigación: en Mabegondo e Leiro.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AYeEL7WWOK9 https://sede.xunta.gal/cve

- 4 estacións de experimentación dependentes dos anteriores centros de investigación: en Monfero, A Pobra de Brollón, Salceda de Caselas e Ribadumia.
- Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia en Mabegondo.

SEGUNDO. Proposta

A proposta de modificación de RPT obxecto deste informe consiste, basicamente, no seguinte:

- Creación dunha xefatura de sección.
- Amortización de dous postos vacantes.
- Modificación da adscrición e da formación requirida para ocupar varios postos.

TERCEIRO. Creación de postos

Creación dunha xefatura de sección de habilitación de nóminas.

Ata agora, a xestión das nóminas do persoal da axencia vénse realizando co apoio da Habilitación da Consellería do Medio Rural. Para a completa asunción desta función pola axencia, proponse crear unha Xefatura de Sección de Habilitación, dentro da área funcional de persoal (PER), dependente do Departamento de Coordinación Administrativa da Xerencia.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	NIVEL	GRUPO	F. PROV.	CORPO/ ESCALA	ADM.	Á. FUNC.
MRA110000215770012	SECCIÓN DE HABILITACIÓN DE NÓMINAS	25	A1/A2/C1	CE	XERAL	AXG	PER

CUARTO. Amortización de postos

Amortización dun posto de auxiliar de oficios e dun posto de auxiliar de internado.

Para financiar a Xefatura de Sección de Habilitación antes mencionada, proponse amortizar dous postos de traballo, ambos vacantes: un auxiliar de oficios (do grupo IV, categoría 14) dentro do mesmo Departamento de Coordinación Administrativa; e un auxiliar de internado (do subgrupo C2, nivel 12) no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo. Segundo consta na memoria funcional remitida, as funcións previstas para estas dúas prazas, cuxas características principais se mencionan a seguir, considéranse innecesarias na actualidade.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO	CATEG.
MRA110000315770110	AUXILIAR DE OFICIOS	IV	14
MRA112000315080073	AUXILIAR DE INTERNADO	C2	12

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AYeEL7WWOK9 https://sede.xunta.gal/cve

QUINTO. Modificación de postos

1.- Modificación de 6 postos de director/a de centro de formación e experimentación agroforestal

1.1.- Apertura da adscrición

As persoas titulares das prazas de dirección dos centros formación e experimentación de Guísamo, Sergude, Ribadeo, Monforte de Lemos, Becerreá e Lourizán ocúpanse da formación, capacitación e actualización profesional do sector agrario e agroalimentario. As súas funcións directivas requiren coñecemento e experiencia na planificación e programación de actividades formativas, nos procesos de ensino-aprendizaxe e a xestión de equipos docentes.

A actual adscrición exclusiva para ocupar estas prazas a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) limita o acceso a outros perfís que reúnen esta combinación de competencias técnicas e formativas que dan solvencia na dirección académica, pedagóxica e de coordinación dos centros. Por este motivo, proponse abrir a adscrición destes postos a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia (A17).

1.2.- Inclusión da titulación de galego

Proponse recoller a esixencia do curso de perfeccionamento de galego para persoal doutra administración nos 6 postos de dirección citados no apartado 1 deste punto como consecuencia de abrilos a outras administracións.

Os postos, coas súas características, son os seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LOCALIZACIÓN	NIVEL	SUBGR	PROV	ADSCRIC PROPOSTA	FORM. ESPECÍF PROPOSTA
MRA112000315080001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Guísamo	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**
MRA112100315120001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Sergude	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**
MRA112200327500001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Ribadeo	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**
MRA112300327300001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Monforte de Lemos	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**
MRA112400327060001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Becerreá	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**
MRA112500336001001	Director/a Centro de Formación e Experimentación	Lourizán	26	A1-A2	LD	~~AXG~~/ A17	648* e 640**

*Certificación negativa do artigo 57 da lei orgánica 8/2021 (R.I.)
** Curso de perfeccionamento de galego para persoal doutra administración (R.I.)

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AYeEL7WWOK9 https://sede.xunta.gal/cve

2.- Modificación do posto de dirección do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Eliminación do requisito imprescindible de doutoramento e inclusión da titulación en galego

Proponse eliminar o requisito imprescindible de doutoramento para ocupar a dirección Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo para abrir o posto a perfís profesionais con experiencia acreditada en funcións directivas.

Exponse que esta praza non debe concibirse como "de natureza investigadora, senón como un posto directivo e de alta responsabilidade organizativa".

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	FORMACIÓN ORIXINAL	FORMACIÓN PROPOSTA
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO	MRA112600315010001	370 - DOUTORAMENTO EN MATERIA AGRARIA (R.I.). , 640 - PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECCIONAMENTO DE GALEGO(R.I.).	640 - PARA PERSOAL DOUTRA ADMINISTRACIÓN, CURSO DE PERFECC. DE GALEGO (R.I.).

SEXTO. Custos

En relación coa memoria económica, pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SÉTIMO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, sen prexuízo das consideracións que poida recoller a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal no informe que deberá emitir con carácter previo a súa elevación ao Consello da Xunta de Galicia.

O DIRECTOR XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA E DO PATRIMONIO

José María Barreiro Díaz

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 03/02/2026 16:58:59

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: AYeEL7WWOK9 https://sede.xunta.gal/cve